



Este tramo é un paseo de 2 km que comeza no castro de punta Roza e finaliza en Lorbé. Discorre separado da costa entre 200 e 500 m.

Tras abandonar o castro de punta Roza, atravesamos 1,2 km de denso bosque mixto, onde predominan os eucaliptos, para dirixirnos ao castro de punta Torella, situado en punta Torella. Desde aquí pódese divisar ao leste a boca da ría de Ares-Betanzos.

Un lugar que paga a pena visitar preto de Lorbé é o seu porto, que está situado a un quilómetro escaso do centro da vila. Nel pódese gozar da rica gastronomía desta zona de mar e dos seus famosos mexillóns. Desde o dique pódense contemplar unhas fermosas vistas.